

TOMÁS, PLÁCIDO E FLORENCIO: OS GAMBINO. ESCULTORES NA MESTRANZA FERROLÁ A FINAIS DO XVIII

Ana Martín García
Facultade de Xeografía e Historia de Santiago de Compostela

AS ORÍXES

José Gambino fora para a Compostela do Barroco o seu máximo expoñente, as súas obras domiñaron o quehacer escultórico do momento e adoctrinaron no seu taller a artistas tan senlleiros coma Ferreiro, o seu sucesor na Cidade Santa. Neste círculo artístico naceron e creceron os tres fillos escultores de José Gambino, uns artistas que non tiveron a fortuna do seu lado, posto que non puideron vivir as épocas esplendorosas do Santiago de principios do XVIII, ó contrario, tiveron que marchar rumbo ó Ferrol en busca dun traballo que en Compostela se lles antoxaba difícil.

Así foi que os Gambino se asentaron no Ferrol acollidos pola demanda de emprego que existía nos arsenais militares. Desenvolverán na cidade dúas vertentes laborais; a unha civil, como escultores do rei, traballando na Mestranza; e a outra relixiosa, coma imaxineiros dos templos novos ou remozados que se erguían na urbe.

Son moi poucos os datos atopados polo de agora acerca das obras que realizaron estes tres homes no Ferrol, esperamos que os recentes estudos que estamos a levar a cabo lles devolvan o que o paso do tempo nunca lles debeu robar: o seu nome propio. Co presente traballo queremos contribuir a dar luz sobre diferentes aspectos biográficos destes artistas, conscientes de que coñecendo con exactitude a súa ubicación, as datas de chegada á cidade, desposorios, defuncións, etc., facilitaremos unha axuda ás futuras investigacións sobre uns artistas que gañan cada vez máis protagonismo no ámbito ferrolán. A figura do menor dos Gambino, Florencio, desvélanos que falamos dun artista de primeira categoría, quizáis o

mellor escultor que viviu na Cidade Departamental.¹ O descoñecemento tácito de obras dos seus irmáns non nos impide afirmar que aínda que é posible que os Gambino traballando en Santiago pasaran desapercibidos, dada a gran tradición artística da Cidade Santa, no Ferrol, nese lugar que deixaba de ser vila para se converter en cidade, o seu paso supuxo un alento artístico, esquecendo a escura imaxe dos artistas locais e anónimos e abrindo camiño á proporción e ó equilibrio que tanto anhelaba a urbe neoclásica.

O século XVIII xunto cos Borbóns, trouxeron para a vila do Ferrol grandes transformacións. A Coroa necesitaba defender con ímpetu os seus territorios e o seu comercio, é por iso que fixo do Ferrol o complexo bélico industrial máis importante do reino. Estamos a falar do auténtico nacemento da cidade, falamos da chegada ó lugar de xentes que converterán á urbe na máis poboada de Galicia segundo recolleu o censo de Floridablanca do 1787.² Esas xentes converteráanse para a Cidade Departamental na súa principal man de obra.

Entre os que acudían ó Ferrol a laborar na construción naval, xogaban un papel destacado os traballadores da madeira que compuñan o 40% dos obreiros da Mestranza.³ Dentro dos labores da madeira existía unha variedade de oficios considerable: carpinteiros, carpinteiros de ribeira, os calafates, os carpinteros do blanco... Para nós, aínda que foran o grupo minoritario, despertan atención os escultores que chegaban ós asteleiros coa misión de decorar, coa pericia das súas gubias, determinadas partes dos barcos, destacando o mascarón de proa, “...auténtica tarjeta de presentación del barco en los puertos que visitaba...”⁴

Este reducido grupo de escultores xogará un destacado papel artístico non só ó servizo da Coroa, senón que traballaran tamén para o pobo, para as súas confradías, igrexas e capelas, para esa cidade que nacía e que desexaba engalanar os

¹ MARTÍN GARCÍA, Ana: “Florencio Gambino: De escultor do Mar a imaxineiro”, en *Galicia Mare Nostrum, VIII Semana da Historia*, Asociación Galega de Historiadores, Facultad de Geografía e Historia y Museo do Pobo Galego, 1998, (en prensa).

² Sobre os movementos migratorios ó Ferrol, vid. MARTÍN GARCÍA, Alfredo: “Inmigración y estructura profesional en el Ferrol de Finales del Antiguo Régimen”, en *Obradoiro de Historia Moderna*, Nº 6. Santiago, (1997), pp. 193-218.

Sobre o nacemento urbán da cidade, vid. VIGO TRASANCOS, A.: *Arquitectura y urbanismo en el Ferrol del siglo XVII*, Vigo, 1985.

³ “...en la Maestranza se encontraban incluídos todos los trabajadores vinculados a la construcción y carena de bajeles, los operarios de la fábricas y obradores de los arsenales y aquellos, en suma, empleados en la construcción o conservación de las industrias navales... es por tanto, la gran masa de trabajadores civiles vinculados al establecimiento bélico-industrial...”, MARTÍN GARCÍA, Alfredo: *Comportamientos demográficos de Ferrol en la Fase Final del Antiguo Régimen*, Tesis de Licenciatura inédita, Santiago de Compostela, 1997, p. 175.

⁴ Ibid. p. 178

seus novos edificios relixiosos.⁵ Non debemos de esquecer que co xurdimento dos arsenais produciuse un incremento demográfico que levou a trazar un novo barrio. Este barrio, chamado da Magdalena, convertiuse nun paradigma para a época; o seu trazado cartesiano, a súa claridade e funcionalidade non tiña precedentes en Galicia.⁶

Ferrol transformábase paseniñamente nunha cidade ilustrada que anhelaba rostros clásicos para as súas fachadas e templos. Seguindo esa política erguéronse novas igrexas e remozáronse as existentes, tal foi o caso da igrexa conventual de San Francisco,⁷ as capelas de San Fernando, de Nosa Señora do Socorro, de Nosa Señora das Dores, de Nosa Señora das Angustias, ou a capela da Venerable Orden Terceira franciscana, (V.O.T.), que se levantaron na segunda metade do XVIII respostando ás necesidades de diferentes colectivos relixiosos.⁸

A esas dúas demandas; a militar e a relixiosa, prestarán os seus servicios os Gambino, unha familia de estirpe escultórica que viaxarán dende Compostela ata a Cidade Departamental. Revisemos brevemente as súas orixes. O apelido Gambino provén dunha familia italiana que chegou ata Galicia no 1710. As primeiras novas que temos dos Gambino dánola Couselo Bouzas cando fálanos do pai de Jacobo Gambino como *“un excelente escultor de la escuela florentina en Génova”*.⁹ Jacobo Gambino foi o primeiro da familia en chegar a Galicia. Asentouse na vila de Padrón e no 1710 abriu aló unha fábrica de papel. Jacobo non parece que estivera vinculado co mundo da estatuaría, pero o seu fillo, Jose Gambino naceu escultor. Formouse en Santiago, viaxou a Italia e converteuse no artista máis senlleiro da escultura barroca e rococó galega. Foi o creador dunha auténtica escola escultórica e foi ademáis o mestre de Ferreiro co que compartiu boa parte da súa vida.

Do sangue de Jose Gambino, aquela que para Murguía era dobremente artista, *“por ser sangre de escultor y de italiano”*,¹⁰ naceron oito fillos: Tomás (data

⁵ MARTÍN GARCÍA, Ana: “Florencio Gambino...”, op. cit., (en prensa).

⁶ *“...el Nuevo Ferrol no se resiente, como ocurre en los demás cascos urbanos galaicos, de ninguna dependencia o vinculación a un trazado anterior de origen medieval. Todo en él es nuevo e innovador, lógico y matemático, racional e igualitario...”* VIGO TRASANCOS, A.: *Arquitectura y urbanismo...*, op. cit., p. 153.

⁷ O labor dos arquitectos do arsenal na erección da igrexa de San Xiao é unha mostra máis da vinculación do mundo militar co civil na Cidade Departamental.

⁸ VIGO TRASANCOS, A.: *Arquitectura y urbanismo...*, op. cit., pp. 199-232.

⁹ COUSELO BOUZAS, J.: *Galicia artística en el siglo XVIII y primer tercio del XIX*. Santiago de Compostela, 1932, p. 360.

¹⁰ MURGUÍA, M.: *El arte en Santiago durante el siglo XVIII y noticia de los artistas que florecieron en dicha ciudad y centuri*, Madrid, 1884, p. 73.

de nacemento incerta, puidera ser o primoxénito ou ben nacer entre o 1746 e o 1751), Fermina Francisca (1742), Manuel Vicente (1744), María Nicolasa (1746), Plácido Benito Antonio (1751), Juana Benita Antonia (1753), Florencio Severo (1755) y José Manuel Fructuoso (1758).¹¹

Oito fillos habidos do matrimonio Jose Gambino e María de Lens, creando unha familia de escultores que se ampliou cando o tamén mestre estatuario José Ferreiro, casou con Fermina Francisca, a maior das fillas de José Gambino. Sogro e xenro, pasaron de ser mestre e alumno, a auténticos colaboradores.¹² Gambino coñecía a arte que se desenvolvía en Italia, contaba con material gráfico, con grabados, con informacións que Ferreiro aprendeu e asimilou, e que aínda que o alumno acadou logo o seu propio estilo e modo de facer, a pegada do mestre quedoulle sempre. Para nós é importante reseñar esta filiación porque os fillos do Gambino viviron ese vínculo ata a morte do seu pai aecida o 20 de agosto de 1775.¹³ Dende aquel momento Ferreiro converteuse no xefe do taller que Gambino formara e no que supoñemos que traballaron os tres fillos escultores de José Gambino: Tomás, Plácido e Florencio.¹⁴

Ata fai pouco tan só se coñecía o labor escultórico de Tomás, artista que sen acadar a pericia ou o renome do seu pai ou do seu cuñado, foi un escultor de certo relevo.¹⁵ Couselo Bouzas aseguraba que éste era “*el único hijo que siguió la profesión de su padre*”,¹⁶ sen embargo, o profesor Pedro Javier González Rodríguez descubriu, a pesares da escasa documentación, as figuras de Florencio e de Plácido Gambino e puido demostrar que certamente foron escultores.¹⁷

Existen moitas incógnitas sen desvelar acerca destes tres Gambino. É moi posible que en Santiago apenas si realizaran encargos individuais e pola contra

¹¹ Vid. COUSELO BOUZAS, J.: *Galicia artística en el siglo XVIII y primer tercio del XIX*. Santiago de Compostela, 1932, p.361. GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, P.J.: “Noticia de Florencio Gambino, escultor”, en *Brigantium*, nº 6, anos 1989-1990, p. 241 e MARTÍN GARCÍA, Ana: “Florencio Gambino: De escultor do Mar a imaxineiro”, en *Galicia Mare Nostrum, VIII Semana da Historia*, AGH, Facultad de Geografía e Historia y Museo do Pobo Galego, 1998, (en prensa).

¹² Vid. MARIÑO, X.: *O escultor Ferreiro*. Noia, 1991, pp. 17-47. COUSELO BOUZAS, J.: *Galicia artística en el siglo XVIII...*, op. cit., pp. 44-53. MURGUÍA, M.: *El arte en Santiago durante el siglo XVIII...*, op. cit., pp. 73-103, 209-212, 215-216. OTERO TUÑEZ, R.: *El escultor Ferreiro (1738-1830)*. Santiago, 1957, pp. 1-5

¹³ MARTÍN GARCÍA, Ana: “Florencio Gambino...”, op. cit. (en prensa).

¹⁴ Nada sabemos dos outros dous fillos varóns de José Gambino; Manuel Vicente y José Manuel Fructuoso. Non sabemos se se adicaron tamén á escultura ou se escolleron outros labores.

¹⁵ COUSELO BOUZAS, J.: *Galicia artística en el siglo XVIII...*, op. cit. p. 369.

¹⁶ Ibid.

¹⁷ GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, P.J.: “Los Gambino, una familia de escultores en Ferrol”, en *Concepción Arenal, Ciencias y Humanidades* 21, Ferrol, (1990), pp. 22-27.

traballaran inmersos no taller Gambino-Ferreiro. Así explicaríamos o feito de que apenas si aparezan os seus nomes na documentación compostelá. Pero para o noso traballo interézanos máis tratar de buscar unha explicación á chegada dos tres irmáns á Cidade Departamental.

En efecto, temos ubicada en Santiago de Compostela unha familia de imaxineiros que ata o 1775 tiña dúas cabezas, a do pai José Gambino e a de Ferreiro. Os fillos de José Gambino, nun momento determinado, non deberon de conformarse co seu labor dentro do taller familiar e trataron de acadar o seu porvir, un porvir que os tres atoparon no Ferrol.

TOMÁS GAMBINO

Cofecemos as novas que Couselo Bouzas atopou sobre as obras do primoxénito Tomás, tanto en Santiago,¹⁸ como en Betanzos.¹⁹ Tamén realiza este autor unha hipótese sobre cando podería marchar ó Ferrol, Couselo apunta que puido ser na última década do século XVIII. Neste punto tamén o profesor López Vázquez expón o seu criterio:

“A medida que avanza la última década del siglo, quizás al hacerse mayores sus hijas, y los hijos de sus cuñados,²⁰ quienes desde la muerte de Gambino, habían permanecido ligados al taller, empiezan a surgir los problemas familiares, sin duda, abonados por problemas de índole económica, imputables, estos últimos, a la crisis cada vez más profunda en la que se debate la economía gallega, y, también, a que ahora, los primeros discípulos de Ferreiro, una vez concluso su ciclo formativo, se independizan y acaparan para sí encargos que de otro modo irían a parar al taller del maestro...”²¹

¹⁸ En Santiago traballou xunto con Fernando Domínguez para a parroquia de Fiopáns onde realizaron o retablo maior coas imaxes de Santiago Apóstolo, San Antonio e San Roque (1777). Para a Capela da Comunión da catedral fixo un escudo (1782). Para a Confradía dos desamparados de Santa María de Abades (Trasdeza) fixo as imaxes de San Joaquín e San José (1793). COUSELO BOUZAS, J.: *Galicia artística en el siglo XVIII...*, op. cit., p. 370 e GENDE FRANQUEIRA, G: “Cita de tres maestros compostelanos en el retablo mayor de la iglesia de Fiopáns”, en *Abrente*, 8, (1976), pp. 102-105.

¹⁹ Para ó convento de San Francisco de Betanzos fixo a imaxe da Purísima, (2ª década do XIX), por aquel entón Tomás era xa un traballador da mestranza ferrolá. COUSELO BOUZAS, J.: *Galicia artística en el siglo XVIII...*, op. cit., p. 370.

²⁰ No 1974 cando se escribiu esta voz aínda non se sabía nada sobre a actividade escultórica dos fillos de José Gambino, por elo López Vázquez fálanos dos fillos dos seus cuñados, pero non dos seus cuñados.

²¹ LÓPEZ VÁZQUEZ, J.: “FERREIRO”, en *Gran Enciclopedia Galega* XII, 1974.

A escasez de traballo en Santiago xunto coa inqueda familiar, levaron ós tres Gambino a asentarse no Ferrol. Tomás, aínda que o máis vello, non debeu ser o primeiro en chegar á urbe. A escasez de datos sobre a súa vida pode indicarnos que exerceu tanto de escultor da Mestranza como de artista itinerante polas vilas próximas. No 1793 estaba traballando en Trasdeza²² polo que o seu asentamento no Ferrol debeu de producirse con posterioridade. A súa ocupación na neoclásica cidade encontrámola nun contrato datado no 1816 onde fálese de Tomás Gambino como “*maestro escultor del Arsenal de la Villa de Ferrol, de donde era veciño*”.²³ Pero Tomás debeu de traballar tamén para o ámbito relixioso ferrolán, de feito o profesor González Rodríguez atopou un documento onde a igrexa de San Julián lle mercaba “...*un Niño Jesús que con acuerdo del Ayuntamiento se colocó en el altar mayor de la Iglesia...*”.²⁴

PLÁCIDO GAMBINO

Sobre Plácido non temos noticias acerca da súa actividade antes de chegar ó Ferrol, pero si temos datos máis precisos do seu labor para ó ámbito civil da cidade. Temos a Plácido censado como escultor da Mestranza ferrolá²⁵ xa no 1771, cando contaba tan só con 20 anos. O profesor Pedro Javier González Rodríguez non atopara documentos que situaran a Plácido Gambino na Cidade Departamental ata 1796 cando realizara xunto con Miguel Godoy, a peritaxe dos pasos procesionais da Oración no horta, Azotes e Cruz as costas da igrexa de San Julián. Outra data que aportou profesor González é a do 1798: “*conocemos por un documento de 1798 que era el Maestro Mayor de los Escultores de los Reales Arsenales...*”.

Coa aparición do seu nome no censo de traballadores da Mestranza na pronta data de 1771, aportamos nós o importante dato xa non da súa chegada á cidade, que puido ser anterior, senón en parte do seu ascenso nas categorías laborais do arsenal; de simple escultor a mestre maior dos escultores da Mestranza.

22 Vid. Nota 19.

23 Contrato establecido entre os apoderados da Confradía das Ánimas de Santo Domingo da cidade de Betanzos e Tomás Gambino (8-VI-1816), citado por COUSELO BOUZAS, J.: *Galicia artística en el siglo XVIII...*, op. cit., p. 371.

24 GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, P.J.: “Los Gambino...”, op. cit., p. 23.

25 Arquivo Municipal de Ferrol. (A.M.F.), *Relación de individuos de la Maestranza. 1771*. Dentro da sección adicada a Escultores atopamos o seguinte listado:

- Domingo Senra.....11 reales de vellón ño día.
- Plácido Gambino.....10 reales de vellón ó día.**
- Julián de Veiga.....10 reales de vellón ó día.
- Hipólito Budín.....10 reales de vellón ó día.
- Julián Cornide.....10 reales de vellón ó día.
- Francisco Antello.....10 reales de vellón ó día.

A data de 1771 indícanos o pronto alonxamento de Plácido do núcleo familiar e o seu asentamento na Cidade Departamental. Supoñemos que se este feito se produce é porque a súa formación concluiu, formación que ademáis contou coa supervisión do seu pai que non falecen ata o 1775. No 1771 era tan só un escultor máis, pero no 1798 aparece na documentación como o Mestre Maior dos Escultores dos Reais Arsenais²⁶ polo que supoñemos que debeu de contar con certo prestixio.

Plácido Gambino non deixou descendencia, cando se produxo a súa morte, no 27 de outubro do 1809, permanecía solteiro:

“... se dio sepultura en este Campo Santo de Canido al cadáver de D. Plácido Gavino, escultor en los Reales Arsenales, hijo legítimo de D. José Gavino y D^a María de Lens, natural de Santiago. Murió soltero...”²⁷

A documentación lamentablemente non é moi explícita á hora de achegarnos ás obras civís destes artífices, nen de calquera outro escultor da Coroa no Ferrol. Nada sabemos dos seus traballos sobre os mascaróns de proa ou sobre calquera outra intervención ben nos barcos, ben nas propias instalacións militares.

FLORENCIO GAMBINO

O máis pequeno dos Gambino é o que máis novas nos aporta ademáis de ser o máis coñecido dos irmáns que traballaron no Ferrol. ¿Como e cando chegou á Cidade Departamental? Ata o de agora viñamos crendo que Plácido, o seu irmán maior, coñecendo de primeira man as posibilidades laborais da zona, chamara por el. Tamén pensábase na posibilidade de que Florencio acudira ó Ferrol acompañando ó seu mestre e cuñado Ferreiro quen no 1790 traballaba no retablo maior e esculturas do ferrolán convento de San Francisco.

Nós atopamos o seu nome no Padrón a Calle Hita de Ferrol e a Graña de 1790, no que figura como “Jornalero del rey”.²⁸ Este dato confírmanos máis na primeira hipótese que na segunda, pois para figurar nun Padrón destas características tiñan que ser un veciño e non un recién chegado á cidade. Contásenos tamén nesa fonte documental que Florencio carecía de bens inmoables, dato que non debe de estrañarnos porque constituía a tónica xeral daquelas xentes que viñan de fóra.

²⁶ Ibid. nota 22.

²⁷ A.C.I.S.F. *Libro de difuntos de la parroquia de Esteiro (1795/1814)*, nº 2, fol. 150.

²⁸ A.M.F. *Padrón de Ferrrol y la Graña. 1790*. Caixa 1025 B. Expediente 214.

Afortunadamente os nosos hachazgos non rematan ahí e somos quen de demostrar a súa chegada á urbe con anterioridade ó 1785, pois no Arquivo Parroquial Castrense atopamos a súa acta matrimonial:

*“En siete de Febrero de 1785 (...) Florencio Gambino, escultor en el Real Arsenal de este Departamento, de estado soltero, hijo legítimo de José y de Doña María de Lens difuntos, vecinos que fueron de la ciudad de Santiago, con Basilia de Fraga, tamvien soltera, hija asimismo legítima de Juan de Fraga, ayudante de contramaestre de construcción en dicho Real Arsenal, y de Paula Rico, vecinos de esta expresada plaza...”*²⁹

Polo tanto, en 1785 non só era xa un escultor da Mestranza, tamén sabemos que tivo que ter chegado con anterioridade a esa data, co tempo bastante para entrar en contacto co círculo familiar da súa dona.

O traballo de Florencio como escultor do rei, coa certa estabilidade económica que propiciaba ser un traballador da Mestranza,³⁰ fixolle decidir permanecer na cidade, onde ademáis dun soldo fixo podería contar cos encargos das igrexas que recén se erixiran na urbe. A transcendencia artística deste home, aínda que todavía bastante descoñecida, fálanos polo menos de tres obras; un San Pedro hoxe ubicado na Igrexa do Socorro, un nazareno, cofecido como o Ecce Homo da Terceira Orden Franciscana, considerada ésta como a escultura de maior mérito artístico da Cidade Departamental, e unha imaxe de vestir de San Francisco, tamén para os franciscanos segrares.³¹ Estes e outros encargos que ata o de agora descoñecemos, ocuparon a súa vida ata o seu fin acaecido polo 1797. O haxazgo do documento que anuncia as súas honrras fúnebres contribúe a enriquecer a biografía do artista, porque non falamos da súa acta de defunción senon das súas honras fúnebres celebradas o 17 de outubro de 1797. Esta celebración litúrxica realizábase cando o defunto falecía lonxe da cidade, é dicir, non só se nos aporta a data aproximada da súa defunción, tamén nos permite supor a posibilidade de que Florencio se atopara traballando fóra do Ferrol:

“...En diez y siete de octubre de mil setezientos noventa y siete se hicieron unas onras en la Iglesia de San Julián de la Plaza de Ferrol por el alma

²⁹ Arquivo Igrexa Castrense de San Francisco (A.I.C.S.F.), *Libro de matrimonios de la parroquia castrense*, nº 2, fol. 159 (7-II-1785).

³⁰ Matizamos o concepto de “estabilidade económica” porque a fins do XVIII o arsenal ferrolán iniciará unha forte crise que non rematará practicamente ata a década do 1850. Por poñer un exemplo, no 1795 prodúcese un levantamento dos traballadores da Mestranza que reclaman o pago da gran cantidade de atrasos que se lles adeuda. Vid. MONTERO ARÓSTEGUI, J.: *Historia y descripción de El Ferrol*. Ferrol, 1858, (reedición en Ferrol 1974), p. 50-54.

³¹ MARTÍN GARCÍA, Ana: “Florencio Gambino...”, op. cit., (en prensa).

*de Florencio Gambino, escultor del Real Arsenal, casado con Basilia de Fraga, vezinos de esta dicha Plaza, a cuias onras asistieron diez sacerdotes, todos con obligación de misa...*³²

Estes datos contribuen a facilitarnos a datación das súas obras no Ferrol que deberon realizarse aproximadamente entre 1780 e 1797.

En Ferrol atopamos novas sobre os descendentes deste imaxineiro. No nadal do 1785 nacía unha filla

*“...legítima de D. Florencio Gambino, empleado de escultor en el Real Arsenal de este Departamento y de Basilia de Fraga, vecinos de esta citada plaza; púsele nombres Antonia, Basilia, María Josefa...”*³³

Pouco tempo despois no 1787 naceu Jose Juan Paulino,³⁴ no 1788 María Teresa Francisca,³⁵ no 1790 Juan Jose Luis Agustin,³⁶ en 1792 Juana Paulina Josefa³⁷ y en 1793 Dionisio Plácido.³⁸ Este é o último fillo do que temos novas. Dionisio Plácido foi apadrinado polo seu tío Plácido Gambino o que nos indica que este escultor se encontraba sen dúbida na cidade por aquel entón e ademais vislúmbraos que existían boas relacións entre os irmáns.

Cinco fillos cunha media dun ano entre un e outro, e o último, (se os libros non nos fallan o derradeiro) nado no 1793, ¿por qué non tuvo máis fillos?, aínda que non descartamos posibles enfermidades ou incapacidades do matrimonio, non podemos deixar de mencionar unha hipótese que levaría a Florencio fora da cidade, razón que explicaría non só que non tiveran máis fillos, senon tamén a súa morte acontecida fora da urbe.

Os libros da Igrexa Castrense permítennos seguir algún rastro da súa descendencia. O seu fillo D. José Gambino³⁹ quen o 6 de Febreiro do 1808 casaba cunha muller que non tiña o título de Doña, chamábase María Isabel Buenhombre. O fillo de Florencio adicouse tamén á madeira, pero non debeu de herdar a pericia do seu

³² A.I.C.S.F., *Libro de defunciones de la parroquia castrense*, nº 2, (1791-1800), (fol. 214).

³³ A.I.C.S.F., *Libro segundo de bautismos, (12-XII-1785)*, (fol. 224 v).

³⁴ A.I.C.S.F., *Libro segundo de bautismos, (8-II-1787)*, (fol. 311).

³⁵ A.I.C.S.F., *Libro tercero de bautismos, (29-IX-1788)*, (fol. 23 v).

³⁶ A.I.C.S.F., *Libro tercero de bautismos, (29-VIII-1790)*, (fol. 144). O 25-IX-1793 falecía este párbulo tal e como consta no *Libro de defuncions*, nº 2, (fol. 71)

³⁷ A.I.C.S.F., *Libro tercero de bautismos, (3-IX-1792)*, (fol. 289 v).

³⁸ A.I.C.S.F., *Libro cuarto de bautismos, (10-X-1793)*, (fol. 117).

³⁹ A.I.C.S.F., *Libro de matrimonios*, nº 3, (fol. 298).

pai, posto que figura soamente como carpinteiro de ribeira.⁴⁰ Un punto importante que nos desvela esta acta matrimonial, é o feito de que Florencio non puido presenciar a boda do seu fillo, pois o documento cítao como defunto. Este dato da súa temprana morte ratificámolo coa aparición doutros dous documentos. O primeiro deles é o que notifica a morte dunha filla do escultor no 1798:

“...defunción de la párbula Juana, hija legítima de Florencio Gambino (difunto) y de Basilia de Fraga, comensal de su padre D. Juan de Fraga...”⁴¹

En efecto, como xa sabiamos, Florencio Gambino falecera e a situación na que quedou a súa dona non debeu ser moi alentadora cando o documento a cita como comensal do seu pai. Non é estraño que o sogro de Gambino tivera que acoller de novo a súa filla dada a dificultade dos tempos. Dende a década dos 90 ata o 1812, a Coroa viuse sometida a continuas guerras; primeiro contra a Francia revolucionaria, logo aliada con Francia contra Inglaterra e finalmente a loita pola Independencia. Foron momentos nos que a crise dos asteleiros ferroláns comezou a medrar, 25 anos de combates facían insostibles os salarios dos traballadores.

A MODO DE CONCLUSIÓN

Temos unha familia de nome italiano, formada no taller santiagués e que conclúe o seu periplo traballando preto do mar, no asteleiro, na mestranza ferrolá. Se temos en conta que Florencio naceu no 1755, que chegou ó Ferrol na década dos oitenta (aínda que puido ser antes), e que no 1797, con 42 anos, xa falecera, xurden as preguntas de ¿cando rematou a súa formación santiaguesa?, ¿exerceu a súa profesión ó marxen do taller familiar antes de chegar ó Ferrol?, ¿durante cantos anos levou a cabo a súa actividade artística na vila departamental? Cando o seu irmán Plácido entrou a traballar nos Arsenais con 20 anos foi porque xa rematara a súa formación no taller, polo que quizáis en datas próximas ó 1775 a concluíra Florencio.

⁴⁰ Se Florencio casou no 1785 e como veremos, no 1797 morrera, puido convivir cos seus fillos un máximo de 12 anos, tempo non suficiente para formalos nas artes.

O 17-X-1808 naceron os xemelgos Pedro José e Cristobal José Gambino Buenhombre. (A.I.C.S.F., *Libro sexto de bautismos*, (fol 107), e o 24-VIII-1813, Basilia Bartolome (Ibid. (fol. 318). Atopamos unha acta de defunción doutro José Gambino casado con D^a Josefa López, que falece no 14 de abril do 1847. Puidera tratarse dun sobriño de Florencio, un fillo de Tomás. Este José Gambino non se adicou as artes, senón que foi “*escribiente de la Mayoría General*”, A.I.C.S.F. *Libro de difuntos parroquia castrense*, nº 4, fol. 341.

⁴¹ A.I.C.S.F., *Libro de defunciones de la parroquia castrense*, nº 2, (1791-1800), Acta do 30 de xuño do 1798, (fol. 226).

Saber quen foi o seu auténtico mestre destes irmás non é tarefa sinxela, porque cronolóxicamente a súa aprendizaxe tivo obrigatoriamente que estar tutelada tanto polo seu pai (que non falece ata 1775), como polo seu cuñado Ferreiro. Tras a morte de José Gambino nada sabemos do que lles acontece, hipóteses podemos crear centos; puideron abandonar o taller ou puideron quizáis quedar nel e coñecer deste xeito a etapa maxistral de Ferreiro. Coñecendo tan só as características formais das obras de Florencio, polo menos no seu caso cremos máis viable un vencellamento a Ferreiro, aínda que non por elo estamos a dicir que Florencio pertencera ó taller ata a súa partida cara ó Ferrol. É posible que realizara encargos individuais, igual que fixera o seu irmán Tomás, antes de ingresar como xornaleiro do rei nos arsenais. Nada sabemos deses tempos nen dos lugares onde puido laborar. Unha vez asentado no Ferrol, houbo de ter encargos noutras localidades que farían desplazar en varias ocasións ó artista,⁴² hipótese que estamos investigando.

Tampouco coñecemos se os Gambino tiveron a posibilidade de viaxar con algunha das embarcacións españolas cara as colonias, para traballar ó servizo do rei dando algún tipo de asesoría ós escultores daqueles asteleiros españois. Aínda que é posible que algún dos tallistas asentados no Ferrol realizaran esas viaxes, nin o podemos documentar, nin podemos incluír ós Gambino na lista.

FONTES DOCUMENTAIS

A.V.O.T. (Arquivo da Venerable Orden Terceira)

- Libro de Actas da V.O.T. (13-I-1771/ 29-VIII-1871)
- Inventario general de los muebles que tiene esta V.O.T. de Nuestro Padre San Francisco de Ferrol.

A.M.F. (Arquivo Municipal do Ferrol)

- Relación de individuos de la Maestranza, 1771
- Padrón de Ferrol y La Graña, 1790. Caixa 1025 B. Expediente 214.
- Expediente sobre la composición del paso de la oración en el huerto, asuntos religiosos, carpeta 2.

A.I.C.S.F. (Arquivo Igrexa Castrense de San Francisco)

- Libro de difuntos de la parroquia de Esteiro, nº 2.
- Libro de defunciones de la parroquia castrense, nº 2.

⁴² Actualmente estamos investigando unha posible presenza do escultor nas parroquias da Comarca de Ferrolterra.

- Libro de defunciones de la parroquia castrense, nº 4.
- Libro de matrimonios de la parroquia castrense, nº 2.
- Libro de matrimonios de la parroquia castrense, nº 3.
- Libro de bautismos, nº 2.
- Libro de bautismos, nº 3.
- Libro de bautismos, nº 4.
- Libro de bautismos, nº 6.
- Libro de bautismos, nº 8.

BIBLIOGRAFÍA

- BOUZA BREY, F.: “Una obra desconocida del escultor Ferreiro en la V.O.T. de Santiago”, en *Cuadernos de Estudios Gallegos*, fasc. XXX, 1955, pp.1-2.
- COUSELO BOUZAS, J.: *Galicia artística en el siglo XVIII y primer tercio del siglo XIX*, Santiago de Compostela, 1933.
- GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, P.J.:
 - “Un crucifijo de José Ferreiro”, en *Abrente*, nº. 26. La Coruña, 1994, pp.121-125.
 - “Los Gambino: Una familia de escultores en Ferrol”, en *Concepción Arenal, Ciencias y Humanidades*, nº. 21. Ferrol, abril 1990, pp. 22-27
 - “Noticia de Florencio Gambino, escultor”, en *Brigantium*, Vol. 6, 1989-90, pp. 239-241
 - “La imagen religiosa del arte en Ferrol”, (catálogo exposición). Ferrol, 1994.
- LÓPEZ VÁZQUEZ, J.: Voz “Ferreiro”, en *Gran Enciclopedia Gallega*, Tomo XII, 1974.
- MARIÑO, X. X.: *O escultor Ferreiro*. Noia, 1991.
- MARTÍN GARCÍA, Alfredo:
 - Comportamientos demográficos de Ferrol en la Fase Final del Antiguo Régimen*, Tesis de licenciatura inédita. Santiago de Compostela, 1997.
 - “Inmigración y estructura profesional en el Ferrol de Finales del Antiguo Régimen”, en *Obradoiro de Historia Moderna*, nº ., Santiago de Compostela, 1997.

- MARTIN GARCIA, Ana: “Florencio Gambino no Ferrol: De escultor do mar a imaxineiro”, en *Galicia Mare Nostrum, VIII Semana da Historia*, AGH, Facultad de Geografía e Historia y Museo do Pobo Galego, 1998 (en prensa).
- MONTERO ARÓSTEGUI, J.: *Historia y descripción de El Ferrol*. Ferrol, 1858, (reedición en Ferrol 1974).
- MURGUÍA, M.: *El arte en Santiago durante el siglo XVIII y noticias de los artistas que florecieron en dicha ciudad y centuria*. Madrid, 1884.
- OTERO TUÑEZ, R:
 - “Un gran escultor del siglo XVIII: José Ferreiro”, en, *A.E.A. (Archivo Español de Arte)*, Tomo XXIV, 1951, pp. 35-46.
 - “El estilo y algunas esculturas de Ferreiro”, en *A.E.A.*, Tomo XXVI, 1953, pp. 51-62.
 - “El Barroco italiano en la obra del escultor Ferreiro”, en *B.U.C. (Boletín de la Universidad Compostelana)*, nº. 66, 1958, pp. 95-111.
 - “El escultor Ferreiro” (1738-1830) (10ª Exposición), Santiago de Compostela, 1957.
- Voz “Gambino” en *Gran Enciclopedia Gallega*, Tomo XV, 1974.
- “La escultura barroca”, en *Historia del Arte Hispánico*, Tomo IV, Madrid, 1980.
- VIGO TRASANCOS, A:
 - Arquitectura y urbanismo en el Ferrol del siglo XVIII*. Vigo, 1985.